



## LISTA DE ASISTENTES

Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
 Cid Fernández, Xose Manuel  
 Cidrás Pidre, José  
 De Oca Cancela, Guillermo  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Domínguez Castro, Luis  
 Durany Castrillo, José  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fernández Álvarez, Antón  
 Gago Rodríguez, Alberto  
 Garriga Domínguez, Ana  
 Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
 Iglesias Galán, M<sup>a</sup> Hilda  
 Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
 Legido Soto, José Luis  
 Marti Pellón, Daniel  
 Mato De La Iglesia, Salustiano  
 Mazaira Castro, Andrés  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Pajares Domínguez, Sergio  
 Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Rubiños López, J. Óscar  
 Sánchez Bello, Patricio A.  
 Suárez Creo, Juan  
 Tojo Suárez, José E.  
 Vázquez López, Ezequiel M.  
 Viso Alonso, Augusto

## DESCULPAN AUSENCIA

Gutiérrez Nieto, Manuel  
 Rey García, Daniel  
 Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do once de decembro de dous mil tres, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O xoves, día 11 de decembro de 2003, ás 10:20 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 10 de novembro 2003.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2004.
4. Asuntos económicos.
5. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa para a elección de membros das Xuntas de Centro.
6. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa para a elección de Decanos e Directores de Centro.
7. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento para a elección de membros dos Consellos de Campus.
8. Aprobación, se procede, da modificación do Plano de estudos de Filoloxía Galega.
9. Modificación puntual das Normativas de libre elección e optativas.
10. Aprobación, se procede, do Plan de axudas destinadas a proxectos piloto de adaptación ao EEES e da composición da comisión prevista na convocatoria.
11. Aprobación, se procede, da proposta de creación da Comisión central de avaliacións docentes.
12. Aprobación, se procede, da denominación de viais e prazas do campus Lagoas – Marcosende que quedaron pendentes.
13. Elección de representantes no Consello social: 1 estudante.
14. Rogos e preguntas.

### **Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 10 de novembro 2003**

Apróbase por asentimento.

### **Punto 2. Informe do Reitor**

O Reitor Informa do seguinte:

- Da publicación dos estatutos no DOG do 5 de decembro de 2003.

- Do fax enviado polo Conselleiro de Educación que fai referencia ao complemento retributivo para o profesorado universitario por méritos individuais docentes, investigadores e de xestión (Anexo I).
- Da inauguración de Cidade Universitaria o día dez de decembro de 2003.
- Das baixas dos seguintes membros do Consello de Goberno: D. Ernesto Baltar Feijoo, D. Amador Vázquez Vázquez e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa del Rosario Vidal Gallego polo Consello Social; D. X. Manuel García Vázquez polo sector de Decanos/Directores e D. Francisco J. García Paz polo sector estudantes.
- Da celebración do acto da colocación da primeira pedra da Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra a semana pasada.
- Sobre o decreto de acceso á universidade para os novos estudantes que xa foi revisado polo Consello de coordinación universitaria, aínda que con bastante discrepancia por parte dos reitores, xa que se inclúe unha “reválida” pero as universidades non participan en absoluto na xestión da mesma.
- Da Lei do sistema universitario de Galicia que está sendo sometida a informe do Consello galego de universidades.
- Do acordo con diferentes institucións da posta en marcha no campus de Pontevedra dun título propio sobre “Deseño e moda”. Estase á espera de asinar o convenio.
- Da colocación da primeira pedra da Biblioteca central do campus de Ourense que terá lugar o día 26 de decembro de 2003.

### **Punto 3. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2004**

O Vicerreitor fai unha presentación da memoria do proxecto de orzamento para o 2004, sinala que responde a unha prórroga do acordo de financiamento vixente durante o cuatrienio 2000/2003, cunha subida liñal do 2% na subvención incondicionada e o mantemento en termos nominais do orzamento de inversións, o que significa unha perda de valor real.

Fai unha análise dos cadros de ingresos e de gastos e di que a diferenza entre ingresos e gastos correntes xa resulta unha cantidade negativa, polo que non se pode aforrar nada para inversións. Non obstante, e dado que os ingresos por achegas externas son importantes, ao final a situación non é tan grave.

As claves fundamentais son:

- Hai unha boa administración xa que é prudente, esixente e cautelosa.
- Hai un exercicio importante de contención.
- Destaca a importancia das achegas externas por dúas vías:
  - mercé a unha capacidade de competir en convocatorias externas,
  - mercé á axuda do patrimonio.

Os obxectivos prioritarios de gasto son:

- Manter o maior esforzo inversor posible nas obras pendentes e na ordenación urban dos tres campus.
- Facer un esforzo nas actividades de mellora e mantemento dos edificios con problemas serios.

- Facer esforzos selectivos nos seguintes programas:
  - Programa de Biblioteca universitaria.
  - Programa de Innovación e calidade.
  - Programa de Extensión universitaria e deportes.
  - Programa de Docencia e alumnado.

Así mesmo as novidades a resaltar son:

- Incorporación dun concepto destinado á reparación de equipos e instalacións.
- Posibilidade de que os Centros e os Departamentos poidan solicitar bolseiros.
- Incorporación dunha clasificación orgánica propia para a oficina de I+D e para a OMA.
- Creación dunha función orgánica do campus de Ourense co fin de avanzar no proceso de descentralización.

Para rematar propón unha modificación que consiste en incrementar en 25.000 € no concepto 150 (capítulo 15) pola incorporación de 48 novos PAS – funcionarios que no momento de redactar a memoria aínda non tomaran posesión. Esta cantidade restaríase da partida 212 de RAM

Ábrese unha quenda de intervencións:

O profesor Tojo comenta en primeiro lugar unha serie de dúbidas técnicas respecto a algunhas cantidades por se hai algún erro e das que o Vicerreitor toma nota.

A continuación pasa a comentar a memoria presentada.

Comeza sinalando que é obvio que é necesario intentar conseguir a máxima financiación por parte da Comunidade Autónoma e que está de acordo con que o orzamento debe ter certas cautelas, pero non tantas como para que se falla a venda dun edificio os presupostos casen igual. Insiste en que esa venda non se debería ter incorporado no orzamento do 2003.

En relación coa partida destinada á Cidade Tecnolóxica di que non ten información por parte de ningún órgano de goberno sobre ese tema e ademais destaca un investimento de 510.000 € para CUSA aínda que el entendía que sempre se dixera que CUSA era a custo cero.

Así mesmo, no capítulo de gastos realiza as seguintes preguntas e comentarios sobre partidas concretas:

- ¿A que se debe o aumento importante en profesores visitantes?
- ¿Por que se duplica o gasto do Consello Social?
- ¿A que se debe o aumento en gastos de limpeza, aseo e seguridade?
- Controlar a subvención de transporte.
- Felicitar polo aumento na partida de equipamento docente pero que aínda está lonxe de ser óptima.
- En Biblioteca, a pesar do aumento, a partida segue sendo ridícula para a Universidade.

- Segue a notar a falta dunha partida para investir en seguridade dos laboratorios.
- As partidas dos departamentos seguen conxeladas e cre que é un erro que o punto da produción científica cada vez valga menos.
- Vota a faltar as bolsas predoutorais.

Por todo o exposto considera que estes non deben ser os presupostos desta universidade polo que Nova Universidade vai votar en contra.

O profesor Ramos pregunta se os 36.000 € da subvención incondicionada para as novas titulacións van para as mesmas o van ao fondo común, o mesmo pregunta en relación cos 30.000 € do Banco de Santander. Así mesmo lembra a obriga de presentar a RPT.

O profesor Domínguez fai os seguintes comentarios en relación cos criterios de distribución:

- No concepto 212 propón engadir un tramo máis no que se faría referencia a centros con máis de 10 anos de antigüidade.
- Que nos coeficientes de profesorado (páx.94) o cómputo se faga en función do centro no que se realice o gasto.
- Propón que os alumnos de terceiro ciclo se computen a nivel de gasto no centro no que realicen a súa labor investigadora.

O profesor Legido reclama que, nas normas de execución do presuposto do Departamento se teña en conta dalgún xeito que aqueles departamentos que teñan profesores noutros campus teñen un gasto maior en dietas de desprazamento.

A profesora Pita súmase a esta petición.

Rematadas as intervencións contesta o Vicerreitor as cuestións suscitadas.

Insiste en que manter certas cautelas é positivo e da garantía de estabilidade á institución.

En relación co proxecto de Cidade Tecnolóxica indica que quizás houbo algún problema de transmisión de información, di que foi produto dun convenio asinado con Caixa Galicia, saeu premiado un anteprojecto e agora vaise a sacar a concurso un proxecto executivo, a idea de comezar polo módulo de ampliación do CACTI. Considera que é un proxecto moi importante e estratéxico para a universidade e a súa ubicación permitirá conectar as Facultades do ámbito científico coa Facultade de Ciencias Xurídicas e coa Biblioteca Central.

Non obstante, non satisface como queda o ámbito tecnolóxico co remate da ampliación de Telecomunicacións - Minas polo que asinouse un novo convenio con Caixa Galicia para sacar un novo concurso de ideas para a remodelación urbán da zona do ámbito da enxeñería e conectala con Ciencias.

Respecto a ampliación de capital para CUSA considera que é positiva para a Universidade e ten claro que é unha lástima que cada ano non poida vir a este Consello de Goberno unha proposta de ampliación de capital como a deste ano.

A continuación aclara as causas dos aumentos do gasto do Consello social, de limpeza, aseo e seguridade, etc. En relación coa subvención ao transporte di que xa houbo unha primeira reunión co Concello e que xa hai unha persoa pertencente ao PAS encargada deste asunto. Respecto aos Departamentos considera que nalgún momento haberá que replantear o tema pero terá que ser entre todos.

En contestación ao profesor Ramos di que todo vai a caixa xeral e logo aflora nas diferentes partidas.

En relación as propostas do profesor Domínguez di que está de acordo pero que teñen que ser asumidas polo Consello de Goberno.

Respecto aos profesores visitantes a Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado cré que o erro está no xeito de contabilizalos xa que a realidade é que o número diminuiu en relación ao ano pasado.

Ábrese un turno de réplica, intervindo en primeiro lugar o profesor Tojo para sinalar que se alegra de dispoñer da información sobre Cidade Tecnolóxica dada polo Vicerreitor, pero considera que debería haber pasado polos órganos de goberno e propón que a proposta de remodelación urbán do ámbito tecnolóxico se traiga a este Consello de Goberno.

Respecto ao tema dos Departamentos parece que como ao Vicerreitor non lle gusta o modelo conxela o presuposto, cré que hai solucións para esto e propón intentalo. Así mesmo di que lle preocupa a donde van os cartos que se consiguen na convocatoria de parques científicos e tecnolóxicos e remata indicando que se suma as propostas do profesor Dominguez.

A profesora Ana Pita di que se alegra de que o Vicerreitor esté disposto a revisar o tema dos Departamentos e que conte coa súa colaboración.

Responde o Vicerreitor de Planificación aos temas plantexados e insiste en que está disposto a comezar a ter unha reunión con todos os Directores de Departamento para intentar buscar una solución.

Intervén o Vicerreitor de Investigación para informar que as convocatorias de parques científicos e tecnolóxicos van parellas as de fondos FEDER, as solicitudes fanse desde o CACTI e o que se consegue nas mesmas destínase a financiar o que non se consegue de fondos FEDER.

O Reitor intervén para resumir os temas principais que surxiron no debate:

1. Compromiso do Vicerreitor para falar cos Directores de Departamento
2. As propostas de modificación do profesor Dominguez:
  - a) Engadir un tramo mais no concepto 212 que se refire a centros de máis de 10 anos ao que se adxudicarían 1,5 puntos.

Asúmese esta proposta por asentimento.

- b) Que os profesores computen no centro onde estén ubicados (pax. 94)

O Vicerreitor di que esta proposta non é facil de levar a cabo dun xeito rápido, propón estudar donde hai xente desubicada e en canto estean saldados os remanentes do exercicio 2003 pactar cos Decanos dos centros que estén soportando estos gastos ocasionais.

Acéptase esta proposta.

c) Que os alumnos de 3º ciclo computen no centro onde votan  
Asúmese esta proposta por asentimento.

Finalmente procédese á votación do orzamento para o ano 2004 incluíndo os acordos anteriormente indicados:

Votos a favor	20
Votos en contra	5
Abstencións	1

Queda aprobado o proxecto de orzamento para o ano 2004 (Anexo II)

#### **Punto 4. Asuntos económicos**

O Vicerreitor informa que se trata de incorporar remanentes de libre disposición por un total de 454.267 € así como de aprobar as últimas transferencias de crédito deste ano.

Apróbase por asentimento.

#### **Punto 5. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa para a elección de membros das Xuntas de Centro.**

A Secretaria Xeral informa sobre a Normativa de elección a membros das xuntas de centro sinalando que o documento que se presenta é igual ao anterior pero coas modificacións técnicas precisas para adaptalo aos novos estatutos.

O profesor Ramos pregunta se o equipo decanal ou directivo entra no 100% da xunta de centro ou non.

O Reitor propón que non se inclúan no 100% senón que conte aparte.

Apróbase a proposta por asentimento.

O profesor Domínguez propón que no artigo 4 se suprima a frase “No caso de empate darase preferencia para a proclamación de candidato electo ao que compute máis tempo como representante nese órgano”.

Apróbase a supresión por asentimento.

A Secretaria Xeral propón que para ser electores e elixibles nos sectores correspondentes aos apartados 2.b) e 2.c) se acepte, de xeito provisional e ata que estean aprobados os Regulamentos de Centros e de Profesorado, o aprobado no seu día para as eleccións a representantes no Claustro constituínte, é dicir:

- En relación co profesorado funcionario (2.b): pertencer aos corpos de funcionarios docentes establecidos pola lei como funcionarios de carreira ou de emprego interino.
- En relación co persoal docente e investigador non funcionario (2.c): formarán parte deste sector tódalas figuras de profesores contratados (asociados, axudantes, visitantes, eméritos, etc.) e dentro do persoal investigador os bolseiros FPI/FPU, outros bolseiros en posesión do título de doutor e os contratados Ramón y Cajal e Parga Pondal.

Acéptase por asentimento a proposta. Así mesmo apróbase por asentimento a normativa que figura como Anexo.III

**Punto 6. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa para a elección de Decanos e Directores de Centro**

A Secretaria xeral informa que a Normativa proposta é igual a anterior pero axustada aos novos estatutos con inclusión do artigo 5 que fai referencia ao número de membros dos equipos directivos.

Así mesmo propón substituír no apartado 2º do artigo 3 a primeira frase “No caso de non haber candidatos que reúnan os requisitos anteriores...” pola que figura no texto do artigo 65.2 dos estatutos: “No caso de non haber ningún candidato que acade o apoio maioritario da Xunta de centro...”

Así mesmo propón admitir unha suxestión feita polo Director da E.U. de Fisioterapia, profesor Gutiérrez Nieto de engadir no artigo 12 un segundo apartado co seguinte contido:

“2. Nas Escolas Universitarias e nas Escolas Universitarias Politécnicas procederáse a votar en primeiro lugar aos candidatos doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios, no caso de que estes non acaden o apoio maioritario da Xunta de Centro realizarase unha segunda votación na que entrarán os demais candidatos aos que fai referencia o artigo 3 e na que resultará elixido aquel dos candidatos que obteña maior número de votos. No suposto de que nesta segunda votación resultasen empatados dous candidatos, será elixido o máis antigo segundo prelación de corpos. Se hai un único candidato, este ten que acadar maior número de votos a favor que en contra.

No caso de que non haxa entre os candidatos ningún doutor pertencente aos corpos docentes universitarios procederáse segundo o apartado 1”.

Apróbase por asentimento a Normativa incluíndo estas modificacións (Anexo IV).

**Punto 7. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento para a elección de membros dos Consellos de Campus**

A Secretaria Xeral informa sobre a proposta do “Regulamento para a elección de membros dos consellos de campus” que difire bastante do anterior xa que cambia a composición dos consellos de campus segundo os novos estatutos.

Apróbase por asentimento (Anexo V).

**Punto 8. Aprobación, se procede, da modificación do Plano de estudos de Filoloxía Galega**

Informa a Vicerreitora de organización académica e profesorado da proposta presentada e que foi informada favorablemente pola COAP.

Apróbase por asentimento.

### **Punto 9. Modificación puntual das Normativas de libre elección e optativas**

A Vicerreitora de organización académica e profesorado informa que a proposta de modificación presentada aos membros do Consello de Goberno foi estudada e informada favorablemente pola COAP.

Apróbase por asentimento (Anexo VI).

### **Punto 10. Aprobación, se procede, do Plan de axudas destinadas a proxectos piloto de adaptación ao EEES e da composición da comisión prevista na convocatoria**

En ausencia do Vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente informa o Reitor que os obxectivos deste plano de axudas son de favorecer e potenciar a aplicación de actividades e metodoloxías docentes implicadas coa introducción do sistema europeo de créditos (ECTS).

O prazo para a presentación dos proxectos remata o 31 de marzo de 2004 e para a avaliación inicial dos proxectos propónse unha “Comisión para a Convergencia Europea” integrada por:

- O Vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente.
- O Vicerreitor de innovación e calidade ou persoa en quen delegue.
- Tres profesores a tempo completo (propostos polo Consello de Goberno):
  - D<sup>a</sup> Antonia Blanco Pesqueira
  - D. Manuel Ramos Cabrer
  - D<sup>a</sup> Isabel Diéguez Castrillón
- Dous alumnos (propostos polo Consello de Goberno):
  - D<sup>a</sup> Ángeles Filgueira Pérez
  - (pendente)
- Un representante do PAS (proposto polo consello de Goberno):
  - D. Sergio Pajares Domínguez.

O profesor Ramos pregunta se esta comisión se crea só para estas axudas ou ten un cometido máis amplo.

O Reitor di que é concretamente para este obxectivo.

O profesor Tojo di que lle parece ben a iniciativa pero a adaptación o que necesita é un esforzo persoal máis que económico e pregunta se non se podería derivar a axuda no sentido de desgravación no POD.

O Reitor di que lle parece unha idea a ter en conta cara ao futuro e que lla transmitirá ao Vicerreitor.

Apróbase o plano de axudas por asentimento.



**Punto 11. Aprobación, se procede, da proposta de creación da Comisión central de avaliacións docentes**

Despois de varias intervencións o Reitor propón que a proposta debería ser analizada con máis detalle pola COAP e traela ao próximo consello de Goberno.

Acéptase a proposta de retirala.

**Punto 12. Aprobación, se procede, da denominación de viais e prazas do campus Lagoas-Marcosende que quedaron pendentes**

O Vicerreitor de Planificación presenta un plano do campus Lagoas-Marcosende no que figura unha proposta de nomes para todos os viais e prazas que recolle o mandato feito no último Consello de Goberno en relación cos topónimos.

Apróbase por asentimento a proposta que figura como Anexo VII.

**Punto 13. Elección de representantes no Consello Social: 1 estudante**

A Secretaria Xeral informa que hai presentadas dúas candidaturas pero non hai alumnos presentes para realizar a votación polo que se pospón para a seguinte sesión do Consello de goberno.

As candidaturas presentadas son válidas para a próxima sesión

**Punto 14. Rogos e preguntas**

A profesora Pita roga que para o próximo POD se estudie a posibilidade de asignar algunha exención docente aos profesores encargados de realizar o examen de materias de planos de estudio a extinguir.

A Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado di que xa presentou este tema nunha reunión da COAP pero ésta considerou que neste intre non era convinte tratalo.

O profesor Durany roga que se cuide a iluminación no campus, principalmente nos aparcamentos.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas do día 11 de decembro de 2003 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do Rector

O Reitor

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe